

**MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE, IDONEIDADE E EFICIENCIA DA CONTRATACIÓN DE “MODERNIZACIÓN DO TEATRO PRINCIPAL, A CARGO DA SUBVENCIÓN PARA A MODERNIZACIÓN E XESTIÓN SUSTENTABLE DAS INFRAESTRUTURAS DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS, AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, COMPOÑENTE 24, INVESTIMENTO 2, PROXECTO 2 (C24.I02.P02)**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Departamento:</b>
Expediente 2643/2023	PROXECTOS EUROPEOS

### 1. OBXECTO DO CONTRATO:

O obxecto deste contrato é a subministración do equipamento necesario para a modernización dos sistemas dixitais de iluminación, audio, vídeo e xestión de maquinaria escénica no Teatro Principal da Estrada.

### 2. NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO:

O obxecto desta intervención é avanzar na adaptación do equipamento do Teatro Principal a novas necesidades e avances tecnolóxicos e estándares de uso de maior eficiencia enerxética, competitividade, durabilidade, sustentabilidade ou seguridade.

As actuacións propostas considéranse de especial relevancia, xa que supoñen un importante aforro enerxético e nos custos da factura eléctrica e así mesmo, un aforro económico xa que ata agora, recorríase ao alugamento dos equipamentos.

Por outra banda, a necesidade de realización do contrato derívase das propias competencias municipais xa que o artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local (LBRL) establece: “O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.”

En cumprimento do disposto no Regulamento (UE)2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, e a súa normativa de desenvolvemento, todos os proxectos de investimento deben respectar o principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (principio DNSH, *Do no significant harm*) e as condicións da etiquetaxe climática e dixital. Iso inclúe o cumprimento das condicións específicas asignadas previstas nos compoñentes 24 e 25, así como nos investimentos en que se enmarcan os devanditos proxectos, tanto no referido ao principio DNSH como á etiquetaxe climática e dixital.

### 3. MOTIVACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES:



O artigo 99.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, indica que o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente.

Neste contrato, non procede a división en lotes, pois a realización independente das diversas prestacións comprendidas no seu obxecto dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico, ao tempo que suporía un risco debido á necesidade de coordinar as diferentes prestacións caracterizadas, no caso que nos ocupa, por unha dependencia de prelación e organización global, e incluso de utilización e compatibilización de medios auxiliares comúns para a instalación dos equipos.

#### 4. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DE PROCEDIMENTO:

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de subministrados, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Esta contratación de subministración levarase a cabo mediante o procedemento aberto simplificado sumario, recollido no artigo 159.6 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público como procedemento ordinario, o que permite unha maior celeridade na súa tramitación.

#### 5. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:

O órgano de contratación é A Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto 2019-0674 de 18 de xuño de 2019 de Delegación de competencias.

#### 6. DURACIÓN DO CONTRATO E PRÓRROGAS:

A duración do contrato será de 1 mes. Non se contemplan prórrogas nin a posibilidade de modificar o contrato

#### 7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:

O orzamento base de licitación consignado ascende 52.724,30 € (IVE incluído).

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN	IVE (21%)	TOTAL ORZAMENTO BASE LICITACIÓN
43.573,80 €	9.150,50 €	52.724,30 €

#### 8. FINANCIAMENTO DO CONTRATO:

O importe da licitación tramitarase con cargo á seguinte partida orzamentaria: 330.62301



Existe cofinanciamento para este investimento por importe de 36.907,01 € (70%) coa axuda da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) para a Concesión de subvencións á modernización e xestión sostible das infraestruturas das artes escénicas e musicais, ao abeiro dos fondos de NextGenerationEU e o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia do Regulamento (UE) número 2021/241 para o ano 2023 (código de procedemento CT404E), sendo a achega municipal de 15.817,29 € (30%)

## 9. LUGAR DA PRESTACIÓN:

Teatro Principal da Estrada  
Rúa Serafin Pazo - 36680- a Estrada

## 10. CONSIDERACIÓNES ESPECIAIS SOBRE O PROXECTO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA:

En relación co cumprimento das obrigas derivadas do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as súas normas de desenvolvemento, que son a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, debe facerse constar o seguinte:

1. En relación á prohibición de dobre financiamento, non está previsto que este proxecto reciba financiamento doutros instrumentos, nin nacionais nin europeos, sendo financiado unicamente con fondos do devandito Mecanismo e a achega con fondos propios do Concello, non existindo por tanto dobre financiamento nin constando no seu caso risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado, nos termos do disposto no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro), e no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
2. En relación ao principio de “**non causar un prexuízo significativo, DNSH**”, considérase o seguinte:
  - A. As actividades que se desenvolven neste proxecto deben excluír as que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior dos mesmos; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con vertedoiro de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación de Asemade, deben cumprir coa lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.



- B.** As actividades adecúanse aos obxectivos, características e condicións fixadas para a medida e submedida do Compoñente 24: REVALORIZACIÓN DE LA INDUSTRIA CULTURAL, reflectidas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
3. En relación á avaliación do risco da fraude e corrupción, respecto do cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptáronse e adoptaranse as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, poñendo en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, se se detectase algún posible incumprimento polo contratista ou posibles subcontratistas, todo iso en cumprimento das medidas contidas no “Plan de Medidas Antifraude do Concello da Estrada”, publicado en <https://aestrada.sedelectronica.gal/transparency/7dd51f2a-cae1-468e-8fd9-fad7b81308af/>
  4. En relación a estas consideracións, incluíranse no prego de prescricións técnicas e no prego de cláusulas administrativas os mecanismos de control que se consideran necesarios para garantir o cumprimento das mesmas, como declaracións e informes que deberá presentar a **entidade contratista** e obrigas esenciais do contrato cuxo incumprimento será considerado causa de **resolución do contrato**.

## 11. PUBLICACIÓN:

A presente memoria debe publicarse no Perfil do Contratante desta Administración, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

### O Alcalde,

(documento asinado dixitalmente na marxe)

